



Con esta ferramenta, o Parlamento de Galicia ábrelle as portas da súa biblioteca, que conta con 38.300 referencias, ao conxunto da comunidade científica e universitaria, pero tamén ao público xeral

A web do Parlamento de Galicia permite consultar o catálogo de fondos bibliográficos da institución

Santiago, 28 de decembro de 2009.- A páxina web do Parlamento de Galicia (www.parlamentodegalicia.es) permite consultar desde esta semana o catálogo de fondos bibliográficos que alberga a biblioteca da Cámara galega.

O catálogo da biblioteca do Parlamento de Galicia está integrado por algo máis de 38.300 referencias, que describen os seus fondos bibliográficos. A temática destes fondos é moi variada, como consecuencia da propia diversidade dos asuntos que son obxecto de atención no Parlamento. Unha parte importante constitúena as obras de carácter xurídico, que cobren todas as ramas do dereito, e especialmente o dereito parlamentario. Ademais existen numerosos títulos sobre as materias arredor das que xira a actividade política e administrativa: agricultura, pesca, urbanismo, sanidade ou políticas sociais, entre outras. Tamén inclúe fondos de literatura e arte galegas.

Dentro do catálogo poden consultarse, ademais, os fondos procedentes de coleccións particulares que ao longo do tempo ingresaron na biblioteca parlamentaria. Son de destacar a biblioteca de Elena Quiroga e Dalmiro de la Válgoma, a biblioteca e arquivo persoal de Carballo Calero e

a biblioteca e arquivo persoal dos irmáns Vilar Ponte. A maior parte destas coleccións xa está referenciada no catálogo.

Portas abertas

Ao poñer á disposición de todos os internautas a ferramenta de consulta dos seus fondos bibliográficos, o Parlamento de Galicia abre as súas portas á comunidade científica e universitaria, aos investigadores e ao público xeral que poida estar interesado en coñecer as existencias das súas dúas bibliotecas.

Todos estes fondos poden ser consultados na propia sede do Parlamento de Galicia, logo da súa solicitude.

A ferramenta de consulta dos fondos bibliográficos da biblioteca do Parlamento de Galicia pode efectuarse a través da seguinte dirección:

<http://www.parlamentodegalicia.es/biblioteca/abwebp.exe/LLgl-ES/G0>

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia